

ACTA NUM. 11/11

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 12 DE XULLO DO 2011.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas quince minutos do día doce de xullo de dous mil once, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. M^a Teresa Roig Olona.

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Eduardo Iglesias González.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Manuel Rivas Reboredo.

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abraldes

D. Roberto Rivas Reboredo.

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. María Margarita Canay Pintos.

Secretario :

D. Xesús Rodríguez Castro.

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2.-ADXUDICACIÓN DEFINITIVA CONTRATO ALUGUER MUIÑOS DE BAROSA.

3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA ENTRE O ORAL E O COLEXIO DE XESTORES ADMINISTRATIVOS DE GALICIA-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión do Pleno de data 18 de xuño de 2011,

no punto **4.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-** observase erro na transcripción dos intergrantes do BNG nas Comsións Informativas en lugar de:

C) Adscripción concreta de concelleiros as Comisións informativas.

Composición da Comisión Informativa de Estudio e Informe de asuntos do pleno

P.P.: Dna Rosa Varela Magariños, D. Eduardo Iglesias González

B.N.G.: Roberto Rivas Reboredo.

P.S.O.E: D. José Sanmartín Soto

Composición da Comisión Especial de Contas

P.P.: Dna. Rosa Varela Magariños, D. Eduardo Iglesias González, D. Manuel Fontán Outón.

B.N.G.: Dna. María Xesús Castro Calviño.

P.S.O.E: Dna. M^a Margarita Canay Pintos.

debe decir:

C) Adscripción concreta de concelleiros as Comisións informativas.

Composición da Comisión Informativa de Estudio e Informe de asuntos do pleno

P.P.: Dna Rosa Varela Magariños, D. Eduardo Iglesias González

B.N.G.: Dna María Xesús Castro Calviño, titular e D. Roberto Rivas Reboredo, suplente.

P.S.O.E: D. José Sanmartín Soto

Composición da Comisión Especial de Contas

P.P.: Dna. Rosa Varela Magariños, D. Eduardo Iglesias González, D. Manuel Fontán Outón.

B.N.G.: Dn. Xosé Manuel Fernandez Abraldes e D. Roberto Rivas Reboredo, titulares

e Dna María Xesús Castro Calviño, suplente.

P.S.O.E: Dna. M^a Margarita Canay Pintos.

Aprobase a acta por unanimidade coa corrección sinalada

2.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA CONTRATO ALUGUER MUIÑOS DE BAROSA.

Dáse conta do expediente tramitado para a concesión no que constan os seguintes antecedentes:

1.- O Pleno deste Concello en sesión que tivo lugar o día 24-02-2011, aprobou o prego e o expediente para o arrendamento dos muiños vivenda para Bar "Muiño de Oubiña ou de Abaixo" e para almacén o de "Cancela ou Maquía" sitos no Parque de Barosa. Tipo de licitación: 6.800,00 euros/ano máis I.V.E.

2.- No Boletín Oficial da Provincia núm. 53, do 17 de marzo de 2011, saiu publicado o anuncio de licitación. O prazo para a presentación de proposicións remata o día 12 de abril de 2011 e polo tanto cómpre convoca-la mesa de contratación para cumprimenta-lo acto de apertura de plicas e face-la proposta de adxudicación.

-Acta de apertura de plicas celebrada o día 15 de abril de 2011, na que se acordou requerir aos licitadores correspondentes ás plicas nº 1, 2, 4 e 6 para que

completen documentación, así como nova convocatoria da mesa de contratación.

3.- Acta de apertura de plicas celebrada o día 13 de maio de 2011, na que se declararon admitidas as plicas presentadas polos licitadores:

- Prego núm. 1 presentado por Jesús García Rozas.
- Prego núm. 2 presentado por Ana Rosa Roma Agraso.
- Prego núm. 3 presentado por Chocolate Factory, Creative Industries, S.L., López Oubiña, SC.
- Prego núm. 4 presentado por José Manuel Álvarez Martiñán.
- Prego núm. 6 presentado por Víctor M. Senín Alba.

4.- Acta de apertura de plicas celebrada o día 24 de maio de 2011, na que se reflexa a puntuación total acadada polos licitadores:

LICITADOR	PUNTUACIÓN
Prego 1.- Jesús García Rozas	15,21
Prego 2.- Ana Rosa Roma Agraso	81,22
Prego 3.- Chocolate Factory, Creative Industries S.L., López y Oubiña S.C.	88
Prego 4.- José Manuel Álvarez Martiñán	23
Prego 6.- Víctor M. Senín Alba	16,92

Nesta acta a mesa de contratación fixo proposta de adxudicación a favor de Chocolate Factory Creative Industries S.L., López y Oubiña S.C., por se-la proposta que acadou maior puntuación según os criterios do prego.

5.- O Pleno do Concello de Barro en sesión de 30 de maio de 2011 acorda:

Primero.- Aprobar a adxudicación provisional á CHOCOLATE FACTORY CREATIVE INDUSTRIES S.L. con NIF: B27740661 e LÓPEZ Y OUBIÑA S.C. con NIF: J27756337 do arrendamento de muiño vivenda "Muiño de Oubiña ou de Abaixo e muiño de Cancela de Maquía para destinalos a actividade de bar en Barosa polo prezo de 800,00 euros (OITOCENTOS EUROS) mensuais sen IVE cunha duración de 10 anos contados a partires do día seguinte ó da sinatura do contrato. O prezo do contrato sufrirá un incremento anual correspondente ó I.P.C. calculado a decembro en relación coa anualidade anterior segundo datos facilitados polo IGE para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Requerir á CHOCOLATE FACTORY CREATIVE INDUSTRIES S.L. con NIF: B27740661 e LÓPEZ Y OUBIÑA S.C. con NIF: J27756337 para que no prazo de 10 días hábiles presenten xustificantes de estar ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias con Facenda e coa Seguridade Social, declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar co concello de Barro, xustificante de constitución da garantía definitiva e escritura de constitución da Unión Temporal de Empresas.

Terceiro.- Notificar ó presente acordo ós adxudicatarios provisionais e ós licitadores, concedéndolle o prazo de 10 días hábiles para a presentación do recurso especial de contratación.

6.- Non se presetou recurso contra o acordo de adxudicación provisional e polos adxudicatarios aportouse ó expediente documentación xustificativa de estar ó corrente do cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda e a Seguridade Social.

7.- Consta escritura notarial numero 2.119 de 10 de xuño 2011 feita ante o notario de Pontevedra D. Eduardo Mendez Apenela, de constitución da unión temporal de empresas THE CHOCOLATE FACTORY CREATIVE INDUSTRIES S.L. e LÓPEZ Y OUBIÑA S.C.(DON JORGE LOPEZ MAQUIEIRA Y DON GONZALO OUBIÑA GRAÑA) abreviadamente “UTE BAROSA”

8.- O 20 de xuño de 2011 constituese a garantía definitiva na contía de 4.000,00 €, de conformidade coa cláusula 7 do prego que serviu de base para a licitación.

9.- O Asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de Asuntos do Pleno que tivo lugar o 12-07-2011.

Fundamentos xurídicos:

Son de aplicación os artigos 20, 21, 93, 135, 175, 176, da Lei 30/2007, de 30 de outubro, pola que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público.

Sometido a asunto a votación acordase por unanimidade:

Primeiro. Adxudicar definitivamente a UNION TEMPORAL DE EMPRESAS: THE CHOCOLATE FACTORY CREATIVE INDUSTRIES S.L. e LÓPEZ Y OUBIÑA S.C.(DON JORGE LOPEZ MAQUIEIRA Y DON GONZALO OUBIÑA GRAÑA) abreviadamente “UTE BAROSA” con NIF: U27758945 o contrato do arrendamento de muiño vivenda denominado muiño de Oubiña ou de Abaixo e muiño de Cancela de Maquía para destinalos a actividade de bar en Barosa polo prezo de 800,00 euros (OITOCENTOS EUROS) mensuais sen IVE cunha duración de 10 anos contados a partires do día seguinte ó da sinatura do contrato. O prezo do contrato sufrirá un incremento anual correspondente ó I.P.C. calculado a decembro en relación coa anualidade anterior segundo datos facilitados polo IGE para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Requerir o adxudicatario para que no prazo de 10 días hábiles contados a partir da notificación deste acordo procedan á sinatura do Contrato.

Terceiro. Notificar este acordo ós participantes na licitación.

Cuarto. Devolver ós licitadores as garantías provisionais constituídas.

3.- CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN TRIBUTARIA ENTRE O ORAL E O COLEXIO DE XESTORES ADMINISTRATIVOS DE GALICIA-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA.

Dase conta de que o Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación Provincial (ORAL) acaba de formalizar o “Convenio de colaboración en materia de xestión tributaria entre o ORAL e o Colexio de Xestores Administrativos de Galicia-Delegación de Pontevedra”, que permite cumprimentar aos

adquirentes dun vehículo suxeito ao IVTM, a correspondente alta no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, mediante a autoliquidación do importe debido e pago do mesmo de xeito virtual, na propia xestoría administrativa, sen necesidade de desprazarse ao Concello respectivo, nin as entidades financeiras para efectuar o pagamento, a cuxos efectos se está instalando o sistema TPV.

Dado que este convenio axiliza notablemente os trámites administrativos, co debido control e seguridade de todas as partes intervenientes, propón se adopte acordo de delegar no ORAL as facultades de xestión, inspección, liquidación e recadación das Altas no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

Sometido o asunto a votación, a Corporación Municipal, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Delegar no Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL) de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ás facultades de:

-Xestión, inspección, liquidación e recadación de Altas no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

2º.- A delegación sométese ás condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en data 20/07/92, na vixente Ordenanza reguladora da taxa por prestación de servizos polo ORAL aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, e nos Estatutos do Organismo Autónomo de Xestión de Recursos Locais publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en data 26/08/2004, e será levada a cabo polo ORAL-Deputación de Pontevedra.

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para que, en nome e representación do Concello, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial, así coma os demais documentos que procedan.

A sesión rematou ó fio das vinteunha horas vintecinco minutos. Dou fe.